

LEAVE NO TRACE

[Debra Granik, 2018]

515

PASE ÚNICO EN NUMAX: 22.04.2019 | V.O.S.E.

Leave No Trace (2018, 109')

Dirección: Debra Granik

Guión: Debra Granik, Anne Rosellini (Novela: Peter Rock)

Elenco: Ben Foster, Thomasin McKenzie, Jeff Kober, Dale Dickey, Peter James DeLuca, Ayanna Berkshire, Isaiah Stone, Dana Millican, Lane Stiemsma, Michael Draper, Kyle Stoltz, Tony Ruiz, Eric Sahlstrom

Son: Christian Dolan

Montaxe: Jane Rizzo

Fotografía: Michael McDonough

Dirección de arte: Jonathan Guggenheim

Vestuario: Erin Aldridge Orr

Música: Dickon Hinchliffe

Produtoras: Bron Studios, First Look, Harrison Productions, Still Rolling Productions (EEUU)

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Satellite Awards 2018 (Nomeado a Mellor Filme Independente e Actor), Gotham 2018 (Nomeado a Mellor Actor e Intérprete Revelación)

SINOPSE

Un pai e a súa filla de 13 anos viven unha vida tranquila e feliz illados nun enorme parque nacional de Portland, Oregon, até que un pequeno erro complica as súas vidas para sempre ao ser detidos pola policía.

AMERICANA X NUMAX

EN COLABORACIÓN CO AMERICANA.
FESTIVAL DE CINEMA INDEPENDENTE
NORTEAMERICANO DE BARCELONA

«Estremadamente conmovedor. Un drama de personaxes contado cunha sutileza e unha especificidade salientábeis»

Tim Grierson, SCREENDAILY

OS OLLOS VERDES 18/19

O CINEMA INÉDITO
DE NUMAX



“Quero saber que hai detrás dunha elección de ruptura e separación”

Entrevista con Debra Granik

Por David Jenkins

Tiveches algunha vivencia persoal fóra do sistema? É unha idea que che interesa persoalmente? Estou moi interesada nesa idea, nunca o levei á praxe pero admiro á xente que o fai. Sinto curiosidade sobre como levalo a bo termo. Quero saber que decisións hai detrás dunha elección de ruptura e separación. Moitos dos principios que vou atopando sobre o tema resúltanme atractivos. Habitualmente non estou interesada en ideas extremas de supervivencia que requiren un pensamento militar. Atráeme máis a xente que é capaz de tomar decisións poderosas, personaxes coa forza suficiente para escoller afastarse do mundo.

O personaxe de Will preséntase dunha maneira moi obxectiva. Ti como cineasta nin aprobas nin desaprobas o que el fai. Porque eu non sei se o que el está a facer é bo ou malo. É duro para el. Vive no frío e a humidade. E non é sostíbel intalarse en terreo público, pero tampouco considero axeitado sancionalo. En calquera momento pode ser expulsado do parque e iso faime pensar se é necesario ter medios económicos para poder elixir un estilo de vida alternativo. Creo que se precisan recursos para poder vivir sen recursos, pero quería observar o proceso de maneira próxima, cunha achega antropolóxica pero sen a frialdade da mirada científica. Tratábase de observar e non xulgar o que está ben e o que está mal.

A definición de liberdade en Norteamérica é un debate candente hoxe en día. Pensas que o filme ofrece a súa propia definición sobre o que significa buscar a liberdade? O protagonista pódese sentir libre nese parque pero non está libre dos seus medos nocturnos. O seu obxectivo é crear un caparazón que o protexa da alienación da sociedade de consumo e a cultura dixital. A cuestión é, canta serenidade pode crear unha persoa ao seu redor? Os meus protagonistas aman os libros, o coñecemento, adquiren e desenvolven

habilidades. Nesas accións teñen a liberdade de empregar o tempo á súa vontade.

A presenza da súa filla, Tom, preséntase a un tempo como unha bendición e unha maldición. É interesante ese retrato ambivalente da familia. Coidas que a familia nos impide acadar a liberdade definitiva? Ela ten moita importancia na súa vida. Ser o seu mestre é importante para el. Ela o protexe da soidade que o podería facer pechase en si mesmo. É unha compañía que funciona. Sitúao nun constante risco de exposición pois viaxar cunha menor faino máis visíbel, fai que a xente repare máis en ti. É máis rastrexábel pola lei. Por tanto hai unha ambivalencia nesta situación.

Onde cres que se sitúa Will dentro do espectro político? Nun principio non toma parte por ningunha opción. Está alienado. Desde logo non é centrista e viviu sempre segundo a tradición. Creo que é alguén que se sitúa na liña de teóricos e filósofos como Henry David Thoreau e o seu *Walden*. Até que punto pode afastarse sen volverme tolo? Como pode o meu pensamento chegar a lugares máis elevados? Pareceume interesante que a chegada do telégrafo tivese lugar na altura na que Thoreau tentaba liberarse.

O primeiro telegrama informaba de que a Princesa Anne de Bélxica cumpría anos. Un dato que ninguén precisaba saber. Coa chegada das grandes guerras comezou a intercambiarse información vital e Will sitúase nesa tradición. Pregúntase unha chea de cousas sobre o sentido da súa vida. Tenta discernir a diferenza entre desexo e necesidade. Dálle un gran valor a ser quen de aprender destrezas primitivas. Obedece á xerarquía das necesidades, onde o alimento e o acubillo van de primeiras.

A elección de Donald Trump como presidente tivo algún efecto no que estabas a facer? Sen dúbida. A elección tivo lugar cando traballabamos no último borrador. Creo que nese momento sentín a necesidade de amosar a xente portándose ben cos seus semellantes. Teño a idea de que a xente se sente máis a gusto cando lle bota unha man aos demais e sentínme moi feliz cando, na preparación do filme, descubrín que iso pode ser verdade.

Publicado en lwlies.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

A AUTORA

Debra Granik, (Cambridge, Massachusetts, 1963) estudou no Programa de Cinema para posgraduados da Universidade de Nova York, onde foi premiada pola curtametraxe *Snake Feed* (1997). De seguido asistiu ao Laboratorio de Guión e Realización do Instituto Sundance onde desenvolveu a súa opera prima para convertela en longa. A estrea da súa primeira longa, *Down to the Bone*, tivo lugar en Sundance 2004 onde gañou o Premio á Mellor Dirección. O filme foi convidado a numerosos festivais e, entre outros galardóns, recibiu o Premio Internacional da Crítica no Festival de Cinema de Viena. A consagración internacional chégalle en 2010 con *Winter's Bone*, protagonizada por Jennifer Lawrence, premiada en Sundance a Mellor Guión e Gran Premio do Xurado e nomeada a 4 Oscars da Academia.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

OS OLLOS VERDES

Luns 22 de abril

Leave No Trace (Non deixes rastro)
(Debra Granik, 2018) **AMERICANA X NUMAX**

Luns 12 de maio

Segunda vez
(Dora García, 2018)

Luns 27 de maio

Golden Exits
(Alex Ross Perry, 2017) **AMERICANA X NUMAX**

NA LIBRARÍA NUMAX

Walden, Henry David Thoreau
Errata Naturae, 2013

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org